

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



EXPTE.- 3970/341

ASUNTO.- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE ACTIVIDADES PARA A NOITE BRANCA 2025 DA REDE DE MUSEOS DO CONCELLO DE VIGO

1.- INTRODUCCIÓN

A concellería-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade ten encomendada as competencias en materia de museos, entre elas a de fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística, así como a programación de exposicións e outras expresións plásticas nos equipamentos que forman parte da Rede de Museos Municipais.

Desde o ano 2013 o Concello de Vigo ven desenvolvendo A Noite Branca, un proxecto ilusionante para gozar e mostrar os museos e centros culturais da cidade nunha xornada singular na que os centros museísticos e as súas coleccións se revisten de extensións musicais e doutras actividades para mellor saborear o noso patrimonio. Por este motivo, a Concellería de Cultura está a organizar a programación correspondente á Noite Branca 2025, que se celebrará o 2 de agosto, a través dunha convocatoria que permitirá seleccionar as actividades e espectáculos que conformarán este programa, garantindo unha oferta atractiva e de interese para a cidadanía en xeral.

Así, por medio desta convocatoria ofrécese a posibilidade de que os axentes activos dos museos, do patrimonio cultural e das artes escénicas (profesionais, artistas, distribuidores, empresas, compañías...) poidan propor as súas actividades e espectáculos para ser valorados desde o punto de vista cultural, educativo e artístico.

A partires da selección realizada conformarase a programación definitiva nos diferentes centros museísticos da Rede de Museos do Concello de Vigo para ese día tan especial.

Na selección terase en conta a presenza dun abano amplo e representativo do maior número posible de actividades diferentes.

2.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto a selección das actividades que formarán parte do programa A Noite Branca 2025 que se desenvolverá nos diferentes museos e espazos expositivos da Rede de Museos do Concello de Vigo o 2 de agosto de 2025.

A participación efectuarase en réxime de concorrncia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3.- DATA DE PROGRAMACIÓN

Todas as actividades desenvolveranse o sábado 2 de agosto entre as 20:00 h e as 01:00 horas.

As actividades terán unha duración máxima de entre 60 e 90 minutos dependendo do seu carácter.

4.- CARACTERÍSTICAS DAS ACTIVIDADES A PROGRAMAR

As actividades poderán abordar un abano amplo de ámbitos e disciplinas, entre as que teñen cabida historia, arte, arqueoloxía, patrimonio cultural, etnografía, música, artes escénicas, danza,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/04/2025 11:56

Páxina 1 de 5

3970-341

CSV: ADAEE2-CH4C43-C4838C-4Z6X1M-UTSSXC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



novas tecnoloxías, etc. Tendo en conta estas temáticas valoraranse especialmente aquelas propostas que entren en diálogo cos museos e espazos expositivos nos que se desenvolven e as súas coleccións.

As diferentes actividades dirixiranse a todas as idades e tipos de público, considerando nenas e nenos, público adulto e familias.

A tipoloxía das actividades e experiencias será diversa, tendo cabida todo tipo de propostas educativas, didácticas e lúdicas susceptible de programarse nos diferentes espazos expositivos. A título soamente orientador poden sinalarse os seguintes tipos de actividades:

- Visitas guiadas ás coleccións permanentes e exposicións temporais
- Visitas teatralizadas
- Obradoiros
- Arqueoloxía experimental
- Concertos
- Danza, teatro, contacontos...

5.- OBXECTIVOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

A proposta de programación terá como obxectivos principais as seguintes liñas básicas establecidas pola Concellería-delegada de Cultura:

- a) Formación de públicos, facendo especial incidencia no público do futuro (nenos/as e adolescentes), así como o acceso do público xeral a todas as actividades.
- b) Captación do novos públicos: público adulto que non adoita achegarse aos espazos expositivos pero receptivo a experiencias amables, atractivas e suxestivas que atrapen a novos espectadores e creen a necesidade de volver ao museo.
- c) Fidelización de públicos: continuidade da programación que manteña aos espectadores xa consolidados en edicións anteriores.
- d) Ofrecer experiencias novas ao público que xa coñece o programa introducindo novas liñas de actividades.
- e) Apoio aos profesionais e entidades profesionais viguesas e galegas.

6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES

As actividades e experiencias desenvolveranse nos diferentes museos e centros expositivos da Rede de Museos do Concello de Vigo, podendo abranguer tanto espazos interiores como exteriores.

- Museo Municipal Quiñones de León e xardíns históricos do Pazo
- Pinacoteca Francisco Fernández del Riego
- Casa das Artes
- Casa Galega da Cultura
- Verbum

Os solicitantes poderán seleccionar o espazo que consideren que mellor se adapta ás características da actividade, se ben a Concellería-delegada de Cultura, en virtude das necesidades de programación, poderá propor outras localizacións alternativas.

Os museos e espazos expositivos non contan con persoal técnico de ningún tipo, como puideran ser técnicos de son e/ou luces; só dispón de persoal de atención ao público con funcións exclusivas de control de accesos e de asistencia ao público. As actividades deberán adaptarse a estas condicións técnicas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/04/2025 11:56

Páxina 2 de 5

3970-341

CSV: ADAEE2-CH4C43-C4838C-4Z6X1M-UTSSXC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



7.- NÚMERO TOTAL DE PROPOSTAS

O número total de propostas virá determinado polo orzamento máximo dispoñible e a programación definitiva. O máximo de propostas para concorrer a esta convocatoria é de unha por profesional ou entidade.

8.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DA PROGRAMACIÓN

Unha vez rematado o prazo de presentación as propostas de actividades serán analizadas por unha comisión de valoración formada por:

- Concelleiro-delegado de Cultura.
- Persoal técnico do Servizo de Museos.

Os criterios que se valorarán en cada caso, exclusivamente en base á información achegada na proposta, serán os seguintes:

I. Interese educativo, cultural, científico e/ou artístico da actividade. Valorarase a calidade, orixinalidade, novidade e repercusión social da actividade e a procura dun público destinatario amplo. Así mesmo, terase en conta a súa adaptación ás liñas xerais da programación e o seu grao de desenvolvemento e detalle.

II. Traxectoria, experiencia e formación dos artistas e profesionais. Valorarase a experiencia e a traxectoria dos profesionais e entidades no desenvolvemento de actividades educativas, didácticas e lúdicas en museos e equipamentos culturais, ademais da súa formación en disciplinas relacionadas cos museos e o patrimonio cultural. Do mesmo xeito, valoraranse posibles premios e/ou mencións da actividade ou do espectáculo dende xaneiro de 2021, participación en festivais ou certames nacionais e internacionais.

III. Adaptación ao orzamento xeral da programación. Ningunha proposta poderá ter un custo superior aos 3.000 € máis IVE, con todos os conceptos e impostos incluídos.

9.- CONDICIÓN DO CONTRATISTA

O Concello de Vigo contratará os espectáculos mediante un expediente de contratación de servizos (artigo 17 da LCSP) e realizarase a través dun contrato de gasto menor, toda vez que o importe non superará os 15.000 € (artigo 118 da LCSP). Este contrato pode cualificarse como contrato privado de conformidade co previsto no artigo 26.1.

O contratista que oferte o espectáculo que sexa seleccionado deberá cumprir as seguintes condicións mediante sinatura, no seu momento, dunha declaración responsable nos seguintes termos:

- *Que acepta as condicións do contrato.*
- *Que ostenta a capacidade de representación da entidade de referencia.*
- *Que ten capacidade de obrar e contratar e conta coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.*
- *Que non está incurso en prohibicións para contratar coa Administración.*
- *Que cumpre coas obrigas establecidas nas disposicións vixentes en materia de protección do emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.*
- *Que manterá absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato ou información á que poida ter acceso con ocasión do cumprimento das obrigacións derivadas do contrato, polo que cumprirá, en todo caso, o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/04/2025 11:56

Páxina 3 de 5

3970-341

CSV: ADAEE2-CH4C43-C4838C-4Z6X1M-UTSSXC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

- Que se compromete a cumprir os seguintes principios éticos e de conduta:
 1. Cumprir cos principios éticos, e no seu caso, o código deontolóxico, da súa profesión ou oficio.
 2. Deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, propoñer ou promover calquera práctica eticamente reproable. De ter coñecemento de prácticas deste tipo deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
 3. Comprometeranse a que a súa participación no procedemento sexa competitiva, e absteranse de realizar prácticas colusorias que impidan a libre competencia concertándose para iso con outros licitadores. De ter coñecemento de prácticas deste tipo, deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
 4. Comunicarán inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses que lles afecten, ou que poidan afectar a outros licitadores.
 5. Denunciar ao órgano de contratación as situacións irregulares que se produzan nos procesos de licitación e execución dos contratos.
 6. Non solicitarán, nin directa nin indirectamente, aos cargos ou empregados públicos do Concello que influan na licitación, adxudicación ou execución do contrato.
 7. Non ofrecerán nin directa nin indirectamente aos cargos ou empregados públicos do Concello que influan na licitación, adxudicación ou execución do contrato, vantaxes ou beneficios persoais ou materiais.
 8. O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

10.- FORMA DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS E PRAZO

As propostas deberán presentarse exclusivamente a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>), indicando no asunto Programación A Noite Branca.

O prazo será de 10 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no perfil do contratante. Non se aceptarán propostas recibidas fóra deste prazo.

A proposta presentarase mediante documento único no que se incluírán, polo menos e de forma obrigatoria, os seguintes datos:

- Denominación do profesional, empresa ou compañía/artista e da actividade.
- Datos de contacto: persoa, enderezo electrónico, teléfono/s.
- Datos do representante legal no caso de contratación: denominación fiscal, CIF/NIF, enderezo social, enderezo electrónico, teléfono/s.
- Breve descrición da actividade: sinopse, guión, disciplina artística, obxectivos, duración, imaxes de referencia...
- Idades recomendadas.
- Necesidades técnicas a asumir polo Concello de Vigo, de ser o caso.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2025 11:56	Páxina 4 de 5
3970-341	CSV: ADAEE2-CH4C43-C4838C-4Z6X1M-UTSSXC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



- Orzamento da actividade: bases impositible, IVE a imputar, posible IRPF, importe total. O orzamento incluírá as necesidades técnicas específicas vinculadas á realización da actividade.

11.- RESOLUCIÓN DA PROGRAMACIÓN

O Concello de Vigo publicará no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, a proposta de programación e a correspondente resolución aprobatoria do concelleiro-delegado de Cultura e da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, no prazo máximo de 5 días naturais a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de presentación de propostas.

A continuación, o Concello de Vigo iniciará os expedientes de contratación das actividades aprobadas polo procedemento indicado.

Á vista do exposto, procedería publicar no Perfil do contratante unha convocatoria pública de PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE ACTIVIDADES PARA A NOITE BRANCA 2025 DA REDE DE MUSEOS DO CONCELLO DE VIGO, indicando os prazos para a presentación de propostas, os criterios para a selección das mesmas e o procedemento que se seguirá para a súa selección.

Vigo, na data da sinatura dixital

O xefe do servizo de Museos
José Manuel Rey García

Conformes.-

O concelleiro-delegado de Cultura (resolucións do 28 de xuño de 2024 (BOP núm. 133 de 9 de xullo).
Gorka Gómez Díaz

A concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (resolución do 28 de xuño de 2024 (BOP núm. 133 de 9 de xullo). María Carmen Silva Rego



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/04/2025 11:56

Páxina 5 de 5

3970-341

CSV: ADAEE2-CH4C43-C4838C-4Z6X1M-UTSSXC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>